CONCELLO DE FOZ (LUGO)
DELEGACIÓN DE EDUCACIÓN
Avd. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 Foz
Tlf. 982. 14 00 27 E-mail: educacion@concellodefoz.es

Como levarse ben co profesorado (... e non morrer no intento)

Consellos dun veterano: 10 regras de ouro

1. **Non lle fagas a pelota.** Se non es moi bo nese oficio (un auténtico profesional do peloteo), non o intentes. Non lles gustan os/as *soplagaitas* empalagosos/as. Recorda, levan anos no oficio e ven vir a unha pulga a quilómetros de distancia (aínda que disimulen e fagan como que non se dan conta).
2. **Móstrate interesado/a**. Aos/ás profes gústanlles que se interesen polo que explican e saben ¿e a quen non?.. Intenta facelo con sinceridade (dúbidas de apuntes, do exame...) Pola contra estamos no peloteo que hai que evitar.
3. **Coñece e utiliza o nome do teu profesor/profesora**. Faino correctamente.
4. **Trata ao teu profesor/a respectuosamente**. Non caias en críticas doadas, non participes en bromas ou actividades que lle irritan... Desmárcate dos/as colegas se o fan. É menos malo facerlle a pelota que faltarlle ao respecto, así que non caias nese grave erro.
5. **Non discutas con el/ela**. É máis, se te equivocas, admíteo rapidamente e sen regateos. El sabe máis ca ti. Decataraste canto máis maior te fagas. Así que agora simplemente cho creei.
6. **Presenta os deberes a tempo,** así como todas as tarefas asignadas ao longo do curso. Preséntaos ordenados e limpos: encántalles!!!!
7. **Sorrí e se amable** ¡non custa nada! ...e ¡funciona! non sexas borde nin antipático/a. Non lles gusta.
8. **Fala ben de todos os teus profesores/as**, como norma xeral. Métete na cabeza cando fales co teu titor/a. Logo cóntanllo (e ten moito máis valor que lles facer a pelota).
9. **Aproveita todas as ocasións na que poidas demostrarlle de verdade que traballaches**. Non sexas tímido/a, nin parvo/a. Aproveita para facerlle ver que traballaches un tema, un exercicio, etc.
10. **Fai boa letra nos exames**. O profesorado ten que corrixir moitos exames. É unha tarefa que os aburre moito. Non fagas unha letra que non entendas nin ti. Fai o teu exame limpo, ordenado e con boa letra. ¡Funciona!!!
11. **Pregúntalle todas as dúbidas ao teu profesor/a.** Despois de estudar e poñer en orde os teus apuntamentos e materiais as dúbidas demostraranlle que estudaches ben a súa materia.
12. **Participa de boa gana na clase** e nas actividades que se realicen nesta.

O/a profe

Vai estar contigo un ano enteiriño... Vai ser como da familia... Tes que esforzarte en velo/a como un/ha aliado/a. Non te montes malos rollos... Que se non explica, que se é moi duro, que se non sorrí...

Intenta sempre poñerte no seu lugar e comprendelo... Esta só fronte a ti e toda a túa clase: necesítate.

Se non te convencín:

- Pensa que examina, pon a nota, suspende, aproba, fai repetir curso... ¿abóndache?
- Se listo, non sexas g...